

Obradoiro de edición de audio con



Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported



- **Introducción**
- **Audacity na práctica docente**
- **O programa Audacity - Características básicas**
- **Descarga e instalación**
- **Gravación e reproducción**
- **Edición básica de audio. Exportar un arquivo**
- **Práctica**
- **Enlaces de interese**

Introducción

Audacity é un editor de gravación e edición de son libre, de código aberto e multiplataforma (Windows, GNU/Linux e Mac) que pode utilizarse para fins persoais, comerciais e educativos e que permite a súa instalación en tantos ordenadores como queramos.

Pode gravar e reproducir son, importar e exportar arquivos wav, mp3 e outros formatos.

O programa permite as funcións básicas de cortar, copiar e pegar, pero ademáis permite traballar con varias pistas ao mesmo tempo, misturalas, aplicar diversos efectos e outras funcións máis avanzadas.

Audacity na práctica docente

Para o ensino de linguas Audacity ofrece entre outras estas posibilidades:

1. Elaborar audicións para probas unificadas
2. Elaborar audicións para outras probas non unificadas
3. Creación de materiais didácticos propios (para traballar pronunciación, comprensión e produción oral)
4. Grabación de podcasts e clips de audio de internet
5. Dixitalización de cassettes e discos de vinilo
6. Gravación e edición de arquivos de audio



Razóns para utilizar Audacity no ensino de linguas

1. Permite o contacto do alumnado con unha ampla variedade de recursos auditivos auténticos por medio da gravación de programas de radio ou TV, cancións, podcasts, clips de audio de internet e interaccións de falantes nativos, e a creación de actividades de comprensión oral coa utilización das ferramentas de edición de Audacity.
2. Permite a creación de actividades de pronunciación utilizando as ferramentas de edición e efectos de Audacity (cambio de velocidade ou ton dun clip de audio, eliminación de ruído, amplificación de son, etc ...)
3. Permite que os estudantes se graven e escoiten a sí mesmos e aos seus compañeiros e avalíen o seu progreso, e axuda á creación de actividades de audio orixinais utilizando unha tecnoloxía coa que están en contacto na súa vida diaria.


Características básicas

Con Audacity pódese:

- Gravar audio en vivo con un micrófono, ou en streaming por medio da tarxeta de son.
- Dixitalizar gravacións en cassette ou vinilo
- Editar arquivos wav, mp3, aiff, etc.
- Cortar, copiar, pegar e combinar seccións de audio
- Cambiar a velocidade ou ton dunha gravación
- Amplificar son

Descarga e instalación

O programa Audacity pódese descargar directamente da páxina <http://audacity.sourceforge.net/>



Inicio | Acerca de | Descargar | Ayuda | Contacte con nosotros | Colaborar | Hacer una donación

Audacity® es un editor de grabación y edición de sonido libre, de código abierto y multiplataforma.

Audacity is available for Windows®, Mac®, GNU/Linux® and other operating systems. Check our [feature list](#), [wiki](#), and [forum](#) for more information.

Download Audacity 2.0.4
para Windows
2000/XP/Vista/Windows 7/Windows 8

[Otras descargas de Audacity para Windows](#)

[Todas las descargas anteriores](#)



06 septiembre 2013: Audacity 2.0.4 Released

[Audacity 2.0.4](#) replaces all previous versions, with these improvements:

- New **Effect > Reverb** (based on **Freeverb**), that replaces **GVerb**.
- New **View > Go to Selection Start** and **Go to Selection End** commands.
- New **Tracks > Align End to End** command to append selected tracks.
- WAV files import/export now supports "Album Title", "Track Number" and "Genre" LIST INFO tags and ID3 tags.



Inicio | Acerca de | Descargar | Ayuda | Contacte con nosotros | Colaborar | Hacer una donación

Google™ Dart Sea

Descargar

Audacity

Windows

Mac

GNU/Linux

Código fuente

[Notas de la versión \(Win\)](#)

[Plugins y bibliotecas](#)

[Obtener en un CD](#)

[Proveedores y distribuidores de Audacity](#)

Windows

Descargas recomendadas - Última versión de Audacity

- [Audacity 2.0.4 instalador](#) (archivo .exe, 20.3 MB, con la ayuda) para Windows 2000/XP/Vista/Windows 7/Windows 8
- [Audacity 2.0.4 en archivo zip](#) (6.1 MB) for Windows 2000/XP/Vista/Windows 7/Windows 8 - Si quiere realizar una descarga sin los archivos de ayuda o no puede ejecutar el instalador por una restricción de permisos.

[Requisitos del sistema](#)

Descargas opcionales

Plugins y bibliotecas

- [Instalador de plug-ins LADSPA 0.4.15](#) (archivo .exe, 1.5 MB), unos 90 plugins.
- [Complementos](#) - Descargar efectos y filtros adicionales.
- [Codificador LAME MP3](#) - Permite a Audacity exportar a archivos MP3.
- [Biblioteca de importación/exportación FFmpeg](#) - Permite a Audacity importar y exportar numerosos formatos de audio adicionales como AC3, AMR(NB), M4A y WMA, así como importar audio desde archivos de vídeo.

Enlaces alternativos de descarga

- Si tiene algún problema con la descarga o necesita una versión previa de Audacity pruebe.



Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported




ou ben se pode utilizar unha versión portable que sempre poderdes levar con vós nunha memoria USB, que é o que imos facer neste obradoiro.

The screenshot shows a web browser window displaying the PortableApps.com website. The page title is "Audacity Portable | PortableApps.com". The main content area features a blue banner with the text: "PortableApps.com needs your help: We're finishing up the next release of the Platform and embarking on a trip to San Francisco this week to work on partnerships, but we need your help to do it. Please consider making a donation today. We also have the encrypted PortableApps.com Carbine and the fast and affordable PortableApps.com Companion ready to ship." Below this, there is a sidebar on the left with a "Download Free Software" section and a "Portable App Directory" menu. The main content area has a heading "Audacity Portable" with social media sharing options (Facebook, Twitter, LinkedIn, etc.). A large green button says "Download Now SOURCEFORGE - Trusted for Open Source". Below this, it specifies "Version 2.0.4 for Windows, Multilingual" with "2.1MB download / 44MB installed (Details)". There are two "Make a Donation" buttons: one for supporting PortableApps.com's development and hosting, and another for supporting Audacity directly. A note states "Audacity Portable works best with the PortableApps.com Platform". The footer of the page includes the text "Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported" and the Audacity logo.




Gravación e reproducción


Antes de empezar a trabajar con Audacity cómpre hacer uns axustes previos



No menú Editar, imos a Preferencias e comprobamos que no apartado de Calidade aparecen os seguintes parámetros:



No apartado Dispositivos comprobamos que aparece marcado




Unha vez feito isto xa podemos empezar a traballar.



Esta é a interfaz do programa

Pausa **Deter**



Reproducir
Ir ao comezo


Ir ao final

Gravar




Para gravar, temos dúas posibilidades:


1. Se imos gravar audio en vivo




2. Se imos a gravar audio en streaming dunha páxina de internet



Ao premer o botón de Gravación aparece a onda de son




Podemos axustar o volume de gravación e reprodución aquí




Para reproducir o gravado, premer no botón



Tamén podemos importar archivos de audio e reproducilos



Seleccionamos a ubicación do noso arquivo de audio e o abrimos




Agora xa podemos empezar a editar os nosos arquivos de audio.

Edición básica de audio

1. Seleccionar, cortar, copiar e pegar


Para seleccionar audio marcamos a ferramenta de Selección




poñemos o cursor sobre a parte do audio que queremos seleccionar e arrastramos como se fose texto. A parte seleccionada aparece en cor gris.




Ahora podemos Cortar



Copiar




e Pegar a selección noutra parte da gravación



2. Efectos

Para usar los distintos efectos imos a



e seleccionamos o efecto desexado.

Algúns dos efectos máis interesantes son:


1. Redución de ruido ➡
2. Cambio de ritmo ➡
3. Cambio de ton ➡
4. Cambio de velocidade ➡
5. Amplificar ➡
6. Aparecer progresivamente ➡
7. Desvanecer progresivamente ➡

e hai moitos máis ...

1. Efecto Reducción de ruido


Audacity dispón dunha opción que permite eliminar o ruído de fondo producido polo ambiente, o ordenador ou a mala calidade do micrófono.

Para eliminar o ruído teremos que seleccionar unha parte da gravación onde haxa ruído



e prememos sobre Obter perfil de ruido.


A continuación seleccionamos toda a pista e volvemos a premer sobre Efectos, Reducción de ruido, Eliminar.



Podemos ver como queda coa Vista previa, e se estamos satisfeitos co resultado, Aceptar




Compre lembrar que en Audacity sempre poderemos Desfacer calquera cambio que fagamos, premendo neste botón



Tamén podemos probar a modificar estes parámetros ata atopar o resultado desexado, aínda que tal como aparecen nesta imaxe os resultados adoitan ser bós.

2. Efecto Cambio de ritmo

Este efecto nos permite cambiar a velocidade dunha pista sen cambiar o ton. Isto é moi útil se desexamos ralentizar unha gravación na que os falantes falan moi rápido, ou acelerala se queremos aumentar a dificultade de comprensión.




Hacia a dereita irá máis rápido, e hacia a esquerda, máis lento. Probamos ata obter o resultado desexado, comprobando coa Vista previa, e aceptamos.



3. Efecto Cambio de ton

Este efecto nos permite cambiar o ton dunha gravación sen cambiar a velocidade. Pode ser útil se queremos que un só falante pareza dúas persoas distintas.




Simplemente teremos que desprazar a frecha á dereita ou esquerda ata obter o resultado esperado, comprobar coa Vista previa e Aceptar.



4. Efecto Cambio de velocidad


Este efecto é unha combinación dos dous anteriores; permite cambiar o ton e o ritmo dunha gravación.



Para aplicalo, só temos que mover a frecha ata obter o efecto desexado.

5. Efecto Amplificar

Este efecto nos permite cambiar o volume dunha parte ou toda unha gravación. Simplemente temos que seleccionar o que queremos modificar e aplicar o efecto.





6. Efecto Aparecer progresivamente

Se o principio dunha gravación quedou un pouco abrupto ou se temos unha pista que procede dun recorte de audio, podemos utilizar este efecto para facer que o son apareza progresivamente e de maneira suave.

Primeiro seleccionamos a parte a modificar


Prememos en Efecto, Aparecer progresivamente e xa vemos como cambia a forma da onda




7. Efecto Desvanecer progresivamente

Este efecto é igual que o anterior, pero permite desvanecer o son ao final dunha gravación ou fragmento para que o final non quede moi abrupto.

Seleccionamos o final da pista




Aplicamos o efecto e vemos como cambia a onda.




Exportar un archivo

Unha vez rematada a edición de audio teremos que exportar o resultado.


Audacity permite facer varias cousas co audio editado: Podemos gardalo, e gardarase como arquivo de Audacity, que só se pode abrir co programa Audacity.



Ou podemos exportalo para seren reproducido en calquer reproductor de audio.



Facemos click sobre Exportar e a continuación seleccionamos o formato no que queremos gardar o arquivo.



Pola relación entre tamaño e calidade de audio, o formato mp3 é o máis recomendable, pero tamén podedes exportar en formato wav, wma, etc.

Práctica

Imos poñer en práctica o aprendido para editar unha gravación.

Ide á carpeta de audios e importade o audio chamado `Entrevista`. Utilizando as ferramentas de Seleccionar e Cortar ides editar a entrevista para que quede igual que o audio chamado `Entrevista (editada)`

A continuación ides utilizar os efectos de Aparecer progresivamente e Desvanecer progresivamente ao principio e final da entrevista.

Unha vez rematado, imos exportar o novo audio coa extensión mp3.



Reducción de ruido

Agora ides abrir o audio chamado `Test` (sen redución de ruido). Utilizando o efecto Reducción de ruido ides mellorar a calidade da gravación para que quede igual que o audio `Test` (con redución de ruido).

A continuación podedes utilizar o efecto Cambiar de ritmo para cambiar a velocidade da gravación (máis rápida ou máis lenta) e exportades o resultado final.

Enlaces de interese

Manuais de Audacity en castelán:

1. http://manual.audacityteam.org/man/Main_Page/es
2. <http://videotecaalternativa.net/curso-de-edicion-de-audio-con-audacity>

Video tutoriais en castelán

1. <http://www.youtube.com/watch?v=iJWtSxXNshY>
2. <http://www.youtube.com/watch?v=OFIonDAKN-4>
3. <http://www.youtube.com/watch?v=1-o6GTQralo>
4. <http://www.youtube.com/watch?v=GoiE8gagFZc>
5. http://www.youtube.com/watch?v=GXU_yZ0_IFE
6. http://www.youtube.com/watch?v=_e-S-Rz16bo
7. <http://www.youtube.com/watch?v=URpdAp4ddGk>

Tutorial Audacity para crear y editar podcast